

13 Marzo, 2016 - 19:00 En marcha o operativo de rescate dun pescador desaparecido en Malpica (/gl/content/bolet%C3%ADn-informativo-das-

## Actualidade

[Inicio \(/gl\)](#) / [Actualidade \(/gl/mapa\)](#) / [Noticias \(/gl/boletines\)](#)/ [Boletín Informativo das 13:00 horas ...](#)[Mapa de incidencias \(/gl/mapa\)](#)[Noticias \(/gl/boletines\)](#)[Eventos \(/gl/agenda\)](#)[Consellos \(/gl/de-interes\)](#)[O tempo \(/gl/el\\_tiempo\)](#)

# Boletín Informativo das 13:00 horas do día 12/03/16

*sábado, 12 Marzo, 2016 - 13:00*

Noticias destacadas no período comprendido entre as 08:00 e as 12:00 horas

### Un falecido e sete feridos nun atropelo a un pelotón de ciclistas na Guarda

Un ciclista faleceu e outros sete quedaron feridos -tres deles graves- nun atropelo múltiple no concello pontevedrés da Guarda. Un particular alertou do accidente ao CAE 112 Galicia ás 11:00 horas desta mañá. Segundo relatou, un turismo arrolara a un pelotón de ciclistas afeccionados cando circulaban pola vía. Os feitos producíronse na PO-552, a estrada que une Baiona coa Guarda, á altura do quilómetro 44 preto do lugar de San Xián. Minutos despois, outro alertante indicoulle ao CAE 112 Galicia que o condutor se dera á fuga. Decontado, o persoal do 112 Galicia informou do sinistro aos Bombeiros do Porriño, a Urxencias Médicas, ao GES da Guarda, á Protección Civil da localidade, á Garda Civil de Tráfico e ao persoal do servizo de conservación da estrada. Os efectivos sanitarios decidiron mobilizar ao helicóptero medicalizado con base en Ourense, a aeronave con base en Santiago e varias ambulancias. Ademais, o 112 Galicia tamén ofreceu os servizos do CIPCE, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias. Neste momento, as dotacións e os equipos de emerxencia continúan no punto.

